

A CONTRACORRENTE

NÚM. 2. ÉPOCA 1ª
OCTUBRO 2006

CONTIDO:

As formiguiñas do SERGAS	2
Sño ou realidade	2
Asientos de Galicia, dúas semanas sen conflito	3
Avante con Chávez	4
O que "non interesa"	4

Novo recorte das pensións

"Se cada vez vivimos máis tempo e entramos a traballar máis tarde, temos que estimular a permanencia no emprego para disfrutar logo de boas pensións".

[Jesús Caldera, Ministro de Trabajo]

O pasado mes de xullo a política de pacto social permanente presentaba unha nova reforma das pensións.

Unha vez máis, PSOE, CEOE, CCOO e UGT, chegaban a un acordo con graves consecuencias para a clase traballadora.

Estamos ante un novo recorte das nosas pensión, que as organizacións asinantes xustifican na sagrada viabilidade do sistema.


Baixo a ameaza do temido déficit, que nos anos 90 anunciaban para o 2000 e que agora profetizan para o 2015, o neoliberalismo executa un novo ataque ás prestacións públicas.

É ben saber que a Seguridade Social atravesará o mellor momento da súa historia, cun superávit que xa supera o 1% do PIB (uns 9.500 millóns de euros), cunha reserva acumulada de 31.000 millóns de euros!!

A única realidade é que temos que padecer, unha vez máis, un novo recorte e endurecemento do acceso ás pensións.

Esta regresión concreta-se nos seguintes puntos:

- Aumenta o período de cotización que dá dereito á pensión en 745 días máis.
- Discrimina ás persoas con contratos a tempo parcial. Así, unha persoa contratada a media xornada precisa ter 20 anos de cotización.
- Empeora as pensións de viuvez, pois pasan de ser un dereito obxectivo a ser unha renda de substitución.
- Na incapacidade permanente pon en relación a contía da pensión con toda a vida laboral efectiva.



● Restrinxe gravemente a xubilación parcial.

● Incentiva a prolongación "voluntaria" da vida laboral, con incentivos tanto para as/os traballadoras/es (incrementando a contía da pensión) como para as empresas (reducindo as cotizacións empresariais).

"O modelo é traballar toda a vida, cotizar toda a vida e ter unha pensión conforme a iso"

[Octavio Granado, Secretario de Estado da Seguridade Social]

REFORMA DA XUBILACIÓN PARCIAL

- ▶ Aumenta de 60 a 61 anos a idade de acceso.
- ▶ A idade de acceso ten que ser efectiva, elimina os coeficientes redutores.
- ▶ A/o xubilada/o parcial debe ter 6 anos de antigüidade na empresa.
- ▶ Aumenta de 15 a 30 anos o período mínimo de cotización necesario para acceder á xubilación.
- ▶ A persoa relevada terá que traballar, como mínimo, o 25% da xornada, en lugar do actual 15%.



Manifestación da Folga Xeral de 2002, Vigo

Organízate con nós

Tlf. 635 934 327

mocidadevigo@galizacig.net

As formiguiñas do SERGAS

Ás miñas compañeiras do C.S. de Cangas, especialmente a Diana, Ana, Susana, Mireia, Rosana, Isabel e Silvia. E tamén aos rapaces do 061 de Cangas, Oscar, Figueroa e Uxío. Grazas polos bos momentos que vivimos xuntos e por estar aí tamén nos malos. Grazas en definitiva por ser compañeiras e compañeiros. Aí vai a miña homenaxe!

Outro verán máis traballando para intentar pasar o inverno sen ter que marchar a buscar os nosos garavanzos, como diría o amigo Luis. Non falamos de ningún tipo de animal preparándose para hibernar, falo das eventuais do SERGAS.

Ás veces penso que somos como a formiga da fábula "A Formiga e a Cigarra", gañamos no verán para intentar superar o inverno

Hai miles de historias pero a das compañeiras coas que tiven a sorte de traballar son moi significativas do que é a situación no noso sector.

Dúas delas tiveron que emigrar, para ter a "sorte", despois dalgún tempo fóra, de traballar cando menos algúns días ao mes.

Outra destas compañeiras acaba de rematar os seus estudos e comeza no mundo laboral nesta agradable vila da península do Morrazo. Por diante coñecer o que lle agarda; chamaranme para as vacacións de Nadal? Canto se cobra na Privada? Como serán as oposicións? Todo incerteza.

A cuarta destas compañeiras non tivo sorte ao rematar e optou por traballar noutro sector, coído que nunha empresa do automóbil, máis tarde pensou en emigrar a Madrid, mais en canto a chamaron volveu traballar aquí, a penas un par de meses e... vía!!!

A última leva xa varios anos traballados, aínda percibe a inseguridade que lle xera non saber se vai traballar ou non, malia estar "ben situada nas listas".

Ás veces penso que somos como a formiga da fábula "A Formiga e a Cigarra", gañamos no verán para intentar superar o inverno que, se espera, sexa de baixa actividade. Esta situación eventual estímase que se alonga até máis de 10 anos. Esta é unha das formas da precariedade, non é a única, pero para min, unha das máis importantes polo que significa; até superados os trinta dificilmente podes asegurar ter un posto de traballo digno.

Este ano houbo especial problema á hora de conceder os LD's (días de Libre Disposición) ao persoal que cubría vacacións. Cada 40 días toda traballadora ten dereito a coller 1 día. Este ano denegáronse estes días a varias persoas eventuais, alegando que non se podían coller se se estaba a cubrir vacacións, xa que se cubren a varias persoas. Finalmente ao enterarse a CIG desta manobra do SERGAS fixo presión para que estes LD's foran recoñecidos.

O SERGAS marca diferenzas entre traballadoras facendo máis precario o traballo das precarias. Por enriba de ser "as formigas do SERGAS" intentan pisarnos!!! É incoherente este trato cando ano tras ano quéixanse de que falta persoal para facer substitucións. É preciso que dende a propia administración non suframos discriminacións e se xeneren empregos para evitar que a única solución sexa a emigración.

Non á precariedade!! Traballo digno na Sanidade xa!!

[enfermeira en precario]

REALIDADE OU SONO?

Como un título dunha canción, "realidade ou sono", parece a vida cotián dos traballadores e traballadoras do sector de telemárketing e en particular das teleoperadoras e teleoperadores.

Aínda non está moi claro cales son os nosos riscos en relación ao noso traballo, evidentemente, non corremos riscos elevados con respecto a nosa integridade física como por exemplo no sector forestal ou no sector do metal. Pero, cales son os nosos riscos?, cales son as nosas medidas de protección en materia de prevención?

Para min as medidas indispensábeis serían entre outras, auriculares e micro individuais, un sistema de rexeneración de aire efectivo, auga gratuíta... Visto desde fóra parecen cousas sinxelas e de baixo custo, pero a realidade é que non lle importa a ninguén, nin tan siquiera aos propios traballadores/as, xa que esas carencias non se van notar a medio ou a curto prazo senón a longo prazo.

As nosas ferramentas de traballo máis afectadas, son polo momento, a nosa voz e a nosa vista. Levamos pouco con este tipo de traballos xa que é un sector relativamente novo, penso que non pode pasar nin un só día máis antes de que teñamos que votar as mans á cabeza e laíarnos cando non haxa remedio.

Estamos na obriga de protexer a nosa saúde exixindo as medidas de seguridade en materia de prevención de riscos laborais que indica a lei, evidentemente tamén debemos recordar, que isto inclúe o recoñecemento médico específico para o posto que desempeña o/a traballador/a.

O SERGAS marca diferenzas entre traballadoras facendo máis precario o traballo das precarias



Manda a túa denuncia a mocidadevigo@galizacig.net

Asientos de Galicia, dúas semanas sen conflito

O pasado 14 de xuño asinouse o Convenio de Asientos de Galicia (ADG), cunha vixencia de tres anos e importantes logros, tanto no social como no salarial.

O Convenio comezou a negociarse no mes de marzo e, desde o principio, a Empresa deixou ver as súas intencións; negativa case total ás peticións do persoal, incluídas aquelas que non entrañaban problemática algunha; incremento salarial exíguo (5€ + IPC real + imposibéis pluses ligados á Santa Trindade da calidade, absentismo e produtividade).

Nestas reunións, transmíteselle á Empresa que non cabe falar de produtividade alí onde xa está establecida, xa que non dá máis de si. Máis isto non o comprenderon...

Despois dunha convocatoria de folga por parte da maioría do Comité (CIG, CUT e UGT), da cal CCOO abstívose, chégase a un acordo.

As principais melloras introducidas no convenio son: incremento salarial lineal de 1.676 € para o 2006, e o IPC real máis 600 € para os dous anos seguintes; un día máis de licenza; posibilidade de revocar ás mutuas.

Dúas semanas despois da sinatura do Convenio a Dirección de ADG volve aumentar unilateralmente a produtividade na liña M-59. Esta operación consiste en traer un enxeñeiro, xeralmente foráneo, para sacar a compañeiros do medio e repartir o seu traballo entre os demais até que estes reboten como castañas, o cal, é o punto máximo.

Como vedes, o nunca deseñado, I+D de última xeración!!, Isto xa estaba inventado dende hai moitos sécalos: denomínase EXPLOTACIÓN.

Isto provocou o malestar dos traballadores e traballadoras desta liña, que fartos de tanto abuso, xa que anteriormente asumiran outras

subidas da carga de traballo similares, reaccionaron mantendo o ritmo co que traballaban até ese momento.

Así, atrasaron a produción de asentos e obrigaron á Empresa a traer asentos desde a Gallaecia ceibe, Portugal, así como a mobilizar todo aquilo que tiñan a man; é dicir, encargados, team leaders, e, como non, algún "amarelo" voluntarioso.

Pronto apareceron as ameazas e as coaccións "legalistas", produto estrela de ADG, ameazas mentireiras por escrito e narradas cun aire de legalidade acusadora quen de enganar ao mesmo Garzón e de producir certa confusión e desacougo na xente.

Así, neses días, viuse, debido ás "circunstancias persoais e familiares" de cada persoa, unha milagre soamente posíbel nos primeiros anos da Cuba revolucionaria, iso é, que o sábado de velada día 22 de xullo dobraran o lombo os xefes, é dicir: o Director da planta, o Xefe de recursos humanos, os Xefes de produción e Encarga-

dos, así como algún "compañeiro". Porén, pese a tal persoal e os asentos importados pararon PSA 9 minutos.

Imaxinádesvos a vosa Dirección trocando unha fin de semana de navegación pola ría por unha xornada de traballo de algo máis de dez horas en sábado coa súa correspondente xornada de descanso dominical? Pois aquí viuse, un exemplo excepcional de "camaradería" da Dirección da planta co cadro de persoal da liña.

Mais, despois das vacacións o persoal desgastado cedeu e a Empresa non contenta con conseguir o seu obxectivo: implantar a nova carga de traballo, sanciona a finais de setembro, a seis compañeiros da liña con oito días laborábeis de emprego e soldo, a outros seis con amonestación grave por escrito e a unha vintena deles os advirten por escrito. En fin, enriba de burros apaleados...

Pois ben, o día 27 de setembro os compañeiros e compañeiras de CIG metal realizaron unha concentración ás portas de ADG para mostrar a súa solidariedade cos operarios amonestados e a súa repulsa á conduta represiva da Empresa.

*Imaxinádesvos a vosa
Dirección trocando
unha fin de semana de
navegación pola ría por
unha xornada de
traballo de algo máis de
dez horas en sábado?*

*Dúas semanas despois da
sinatura do Convenio a
Dirección de ADG volve
aumentar unilateralmente
a produtividade.*



Mobilización diante de Asientos de Galicia

A CONTRACORRENTE

información alternativa para a mocidade
traballadora

Gregorio Espino, 47, entechán
CP. 36205, VIGO

telefone: 986 827 907/ 635 934 327
www.galizacig.com
mocidadevigo@galizacig.net

*“Venderonll’os bois,
venderonll’as vacas,
o pote d’o caldo
y a manta da cama.
Venderonll’ó carro
y as leiras que tiña,
deixaronsoyo
c’o á roupa vestida”*

[Rosalía de Castro]

*“Un home de verdadeira fé
nos ideaes que predica, e
con coraxe para remediar
as desventuras do povo, vai
cara o trunfo cando se
poida e como se poida”*

[Daniel Castelao]

mocidadevigo@galizacig.net
www.galizacig.com



Organízate e loita



Avante con Chávez

A continuación reproducimos unha parte da intervención do presidente Hugo Chávez, na LXI Asamblea Xeral das Nacións Unidas (ONU), celebrada o 20 de setembro de 2006.

“En primeiro lugar, quero convidalos con moitísimo respecto a que lean a Noam Chomski, un dos máis prestixiosos intelectuais desta América e do mundo, Chomski, un dos seus máis recentes traballos: *Hexemonía ou supervivencia. A estratexia imperialista dos EUA.*

Excelente traballo para entender o que pasou no mundo no século XX, o que hoxe está a pasar, é a máis grande ameaza que sobrevoa o noso planeta: a pretensión hexemónica do imperialismo estadounidense pon en risco a supervivencia mesma da especie humana. (...)

Miren, eu creo que os primeiros cidadáns que deberían ler este libro son os cidadáns dos EEUU, porque a ameaza téñena na súa propia casa; o demo está na casa. O demo, o propio demo está na casa.

Onte estivo o demo aquí, neste mesmo lugar. Cheira a xofre aínda esta mesa onde me tocou falar!. Onte, desde esta mesma tribuna o señor presidente dos EEUU, a quen eu chamo o *demo*, veu aquí falando como dono do mundo (...). Como voceiro do imperialismo veu dar as súas receitas para tratar de manter o actual esquema de dominación, de explotación e de saqueo aos pobos do mundo (...)

É dicir, o imperialismo estadounidense (...) está facendo desesperados esforzos por consolidar o seu sistema hexemónico de dominación. Nós non podemos permitir que iso ocorra, non podemos permitir que se instale a ditadura mundial; que se consolide a ditadura mundial.

O discurso do presidente-tirano mundial, cheo de cinismo, cheo de hipocrísia, é a hipocrísia imperial, o intento de controlar todo. Eles queren impoñernos o modelo democrático como o conciben: a falsa democracia das élites.

E ademais un modelo democrático moi orixinal: imposto a bombas, a bombardeos e a punta de invasións e de canozos! Vaia democracia! Terían que revisar as teses de Aristóteles, non si? E dos primeiros que faloron en Grecia da democracia, a ver que modelo de democracia é ese, o que se impón a punta de marines, de invasións, de agresións e de bombas. (...)

Eu teño a impresión, señor ditador imperialista, de que vostede vai vivir o resto dos seus días cun pesadelo, porque onde queira que vexa, imos xurdir nós, os que nos levantamos contra o imperialismo estadounidense, os que clamamos pola liberdade plena no mundo, pola igualdade nos pobos, polo respecto á soberanía das nacións.

Si, chámannos extremistas, insurximos contra o imperio, insurximos contra o modelo de dominación.”

O QUE “NON INTERESA”

☛ Boicot a Jazztel.

Esta empresa de telecomunicacións vén de deslocalizar os seus servizos de atención ao cliente que viña prestando n’A Coruña a Arxentina, despedindo a gran parte do seu persoal (máis de 700 traballadoras/es).

☛ En loita pola dignidade.

Garevol é un Centro Especial de Emprego para traballadoras/es con minusvalía. Agora, este centro dedícase a alugar a baixo custo a súa plantilla, así, estas persoas perciben un salario miserábel de 628 € (financiado o 50% pola Xunta), mentres que o persoal propio da empresa onde traballan cobra 900 €.

☛ Aumenta a desigualdade.

Segundo un recente estudo da ONU un etíope medio é hoxe 35 veces máis pobre que un europeo ou estadounidense medio, mentres que en 1950 esa diferenza era de 16 veces.

☛ Empresarios ao caldeiro.

A Audiencia Provincial de Madrid ven de confirmar unha sentenza que condenaba a máis de dous anos de cárcere a un arquitecto e a tres xefes de obra como responsábeis da morte de dous traballadores da construción nun accidente laboral.

☛ Perdemos salario.

Os traballadores e traballadoras galegas perdemos no ano 2005, un 2’1% da nosa capacidade de compra. Segundo datos do INE, os salarios só aumentaron un ridículo 1’3%, mentres que o prezo da vida subiu un 3’4%.

AXENDA NOVEMBRO



Descenso de rápidos en kaiak, río Paiva, Portugal [sábado 25]

Informate no 635 934 327